




O BERBERECHO
QUE NUNCA É PEQUENO

AQUÍ O TAMAÑO IMPORTA



O mínimo legal para a comercialización do berberecho é 25mm, pero en Noia empezamos a contar en 30 mm. Todo o que esté por debaixo desa medida volta á ría, para seguir o seu crecemento e favorecer a rexenaración do medio.

Por iso, incluso as pezas máis pequenas do Berberecho de Noia que atopes no mercado son moito máis grandes que o mínimo legal e que a media do que ven de outras zonas... e ademáis cun sabor e unha calidade sin par no resto do mundo.

En Noia o estándar xa é excepcional.

ASÍ SE GARANTE UN BERBERECHO DE TAMAÑO EXCEPCIONAL

1

UN SISTEMA DE SELECCIÓN ÚNICO DENDE O PRIMEIRO MOMENTO

En Noia, o tamaño non é unha consecuencia: é unha decisión. O berberecho comeza a seleccionarse xa na propia recolección, grazas a ferramentas cun deseño máis esixente ca normativa.

2

RASTROS MÁIS RESTRITIVOS QUE A LEI

Os rastros empregados polos mariscadores/as da Confraría de Noia teñen unha separación na parrilla máis ancha do esixido, o que fai que os exemplares pequenos queden na ría para seguir medrando. É o primeiro filtro natural.

3

DOBRE CRIBA OBRIGATORIA EN LONXA

Ao chegar as lonxas de Testal ou O Freixo, o berberecho pasa por unha selección adicional: todo o que non supera os 30 mm de calibre mínimo sepárase automaticamente fora de venda e devólvese ao mar.

4


UN PLAN DE EXPLOTACIÓN QUE FAVORECE O CRECEMENTO

Márcanse uns períodos máximos de extracción entre setembro e abril, para que nos meses de verán, cando o berberecho está en reprodución, poida autorexenerar a ría e seguir medrando. Así cada campaña comece cun banco forte e de maior tamaño e calidade.

5

CUPOS E TEMPOS DE EXTRACCIÓN CONTROLADOS

Tamén se marcan cupos diarios de extracción. Isto garante que só se recolla o berberecho necesario e que sempre quede produto na ría para medrar ata tamaños superiores á media doutras zonas.



UN SELO QUE GARANTE AUTENTICIDADE

O Bérberecho de Noia é o único cun selo distintivo, a marca colectiva: "Bérberecho de Noia · Rías Galegas · Pesca Artesanal" que garante:



- Orixe 100 % Ría de Noia
- Pesca artesanal e sostible
- Calidade certificada e trazabilidade total.


OPP95-Noia

Calle República Argentina, 21 - 15200 Noia. A Coruña

Telf: 981 820 200

Email: opprianoia@gmail.com

Web: www.berberechodenoia.com



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



Proxecto desenvolto polo Organización de Produtores Pesqueiros de Noia OPPNOIA 95.
Acción enmarcada dentro do seu PPYC2024_2025 cofinanciada polo FEMPA e Xunta de Galicia.